



Procedemento: Adhesión de Entidades Colaboradoras Enerxías Renovables de Uso Térmico 2026 -IN421H

Solicitante: AHORRO ENERGÉTICO ENERTRA, S.L.

Código de solicitude: IN421H-57

Con data 02-02-2026 ditouse polo director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) a seguinte resolución:

“RESOLUCIÓN DE ADHESIÓN

ANTECEDENTES

1. O 22 de xaneiro de 2026 a entidade que figura no encabezado presentou unha solicitude de adhesión ao programa de axudas para proxectos de enerxías renovables de uso térmico no sector residencial, en ámbitos non urbanos.
2. O 2 de febreiro de 2026 o persoal do Instituto Enerxético de Galicia (Inega) efectuou a comprobación de que a entidade solicitante cumpría cos requisitos previstos na convocatoria destas axudas.

FUNDAMENTOS LEGAIS

- I. Resolución do 16 de decembro de 2025, do instituto Enerxético de Galicia (Inega pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para proxectos de enerxías renovables de uso térmico no sector residencial, en ámbitos non urbanos, así como a selección das entidades colaboradoras que participarán na súa xestión, e se procede á convocatoria, mediante tramitación anticipada de gasto, para o ano 2026, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 en Galicia (IN421H, IN421P).
- II. Corresponde á Xerencia do Inega a competencia para instruír o procedemento administrativo de selección de entidades colaboradoras, e a persoa titular da Dirección do Inega ditar as diferentes resolucións que se deriven da súa tramitación (artigo 10.5 das bases reguladoras).

De acordo con todo o anterior esta dirección, **RESOLVE:**

1. **ADHERIR** a entidade solicitante “AHORRO ENERGÉTICO ENERTRA, S.L.” con código de solicitude “IN421H-57” ao programa de axudas para proxectos de enerxías renovables de uso térmico.
2. **REMITIR** a entidade colaboradora, adxunta a esta Resolución, unha copia do convenio de adhesión asinado polo director do Inega.





3. Coa Adhesión a entidade colaboradora asume as obrigas sinaladas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e nas Bases reguladoras.

Contra esta resolución, poderase interpoñer recurso de alzada perante a presidenta do Instituto Enerxético de Galicia, no prazo dun (1) mes, de conformidade co establecido no artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que se considere pertinente.”

O que se notifica en cumprimento dos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A xefa da Unidade Xurídico-Administrativa

Zoila Fernández Maceiras

